

I. DISPOSICIÓN XERAIS

XEFATURA DO ESTADO

- 11411** *Lei 17/2010, do 16 de xullo, do réxime de cesión de tributos do Estado á Comunidade Autónoma de Galicia e de fixación do alcance e condicións da dita cesión.*

JUAN CARLOS I

REI DE ESPAÑA

Saiban todos os que a viren e a entenderen que as Cortes Xerais aprobaron e eu sanciono a seguinte lei.

PREÁMBULO

I

A Constitución española dispón, no seu artigo 156.1, que as comunidades autónomas gozarán de autonomía financeira para o desenvolvemento e a execución das súas competencias, conforme os principios de coordinación coa Facenda estatal e de solidariedade entre todos os españois; é dicir, reconece a necesidade de que os ditos entes territoriais contén con recursos propios para facer efectivas as súas respectivas competencias como consecuencia da propia configuración do Estado das autonomías. Así, entre os recursos antes citados, encóntranse os impostos cedidos total ou parcialmente polo Estado tal e como, expresamente, recolle o artigo 157.1.a) do texto constitucional; co mandato, ademais, dunha regulación, mediante lei orgánica, do exercicio das competencias que recolle o número 1 do artigo 157 citado.

Constitúe, por tanto, a Lei orgánica 8/1980, do 22 de setembro, de financiamento das comunidades autónomas (en diante LOFCA) –recentemente modificada pola Lei orgánica 3/2009, do 18 de decembro, de modificación da Lei orgánica 8/1980, do 22 de setembro, de financiamento das comunidades autónomas–, o marco orgánico xeral polo que se debe rexer o réxime de cesión de tributos do Estado ás comunidades autónomas. A través da mencionada modificación, a LOFCA incorporou, no seu corpo legal, o contido do Acordo 6/2009 do Consello de Política Fiscal e Financeira, do 15 de xullo, para a reforma do sistema de financiamento das comunidades autónomas de réxime común e cidades con estatuto de autonomía, naqueles aspectos que requiren rango de lei orgánica. Consecuentemente incorporáronse as adaptacións derivadas dos mecanismos financeiros do novo modelo de financiamento, como o Fondo de Garantía de Servizos Públicos Fundamentais, o Fondo de Suficiencia Global e os fondos de converxencia autonómica; clarificouse e perfeccionouse a definición do principio de lealdade institucional; procedeuse ao incremento das porcentaxes de cesión dos tributos parcialmente cedidos (IRPF, IVE e IIEE), así como ao aumento das competencias normativas no IRPF; estableceuse o marco para a asunción da función revisora en vía económico-administrativa respecto dos actos ditados en materia de tributos cedidos pola comunidade autónoma; e procedeuse a realizar as actualizacións terminolóxicas necesarias en función do ordenamento tributario vixente, entre outras modificacións.

Ademais, ese marco orgánico xeral viuse complementado e desenvolvido coa promulgación da Lei 22/2009, do 18 de decembro, pola que se regula o sistema de financiamento das comunidades autónomas de réxime común e cidades con estatuto de autonomía e se modifícan determinadas normas tributarias, derogando a ata agora vixente Lei 21/2001, do 27 de decembro, pola que se regulan as medidas fiscais e administrativas do novo sistema de financiamento das comunidades autónomas de réxime común e

cidades con estatuto de autonomía, para aquellas comunidades que aceptaron o novo sistema de financiamento.

O novo sistema de financiamento autonómico, plasmado normativamente na lexislación antedita, estrutúrase arredor de varios eixes básicos: o reforzo do Estado do benestar no marco da estabilidade orzamentaria; o incremento da equidade e a suficiencia no financiamento do conxunto das competencias autonómicas; o aumento da autonomía e da corresponsabilidade; e por último, a mellora da dinámica e estabilidade do sistema. En definitiva, o novo modelo dá un renovado impulso aos principios de solidariedade e igualdade entre todos os cidadáns, reforzándoos mediante o establecemento dun mecanismo explícito para garantir de maneira estable no tempo a igualdade no acceso aos servizos públicos fundamentais.

Como consecuencia do afondamento no principio de corresponsabilidade fiscal, o réxime de cesión de tributos vese afectado de tal maneira que se amplían as porcentaxes de cesión e as competencias normativas das comunidades autónomas nos tributos que son obxecto de cesión parcial.

Respecto á ampliación das porcentaxes de cesión, prodúcese unha elevación da porcentaxe de cesión do imposto sobre a renda das persoas físicas do 33 por cento ao 50 por cento, do imposto sobre o valor engadido do 35 por cento ao 50 por cento e dos impostos especiais de fabricación sobre a cervexa, o viño e bebidas fermentadas, produtos intermedios, alcohol e bebidas derivadas, hidrocarburos e elaborados do tabaco do 40 por cento ao 58 por cento.

Por outro lado, amplíanse as competencias no imposto sobre a renda das persoas físicas, incorporando de forma innovadora a posibilidade de modificación dos mínimos persoais e familiares, así como permitindo maiores marxes na aprobación da escala autonómica e deducións da cota. En canto ao imposto sobre o valor engadido, o Goberno comprometeuse a traballar coas institucións da Unión Europea para que as normas comunitarias permitan o exercicio de capacidade normativa das comunidades autónomas na fase retallista do imposto con destino exclusivo aos consumidores finais.

Finalmente, o Goberno comprometeuse, no marco do actual procedemento da Comisión Europea sobre o imposto sobre as vendas retallistas de determinados hidrocarburos (en diante IVRDH), a propor a modificación da Directiva 2003/96/CE do Consello, do 27 de outubro de 2003, pola que se reestrutura o marco comunitario de imposición dos produtos enerxéticos e da electricidade, para que, se eventualmente fose necesario, poida substituírse este imposto por suplementos autonómicos de tipos sobre determinados produtos suxeitos ao imposto sobre hidrocarburos, con neutralidade financeira.

II

En primeiro lugar, a aprobación do novo sistema de financiamento autonómico fai necesario –en previsión do disposto no artigo 10.2 da LOFCA– aendar o contido do número un da disposición adicional primeira do Estatuto de autonomía para Galicia ao novo réxime de cesión de tributos; considerando que o seu número dous dispón que o contido da dita disposición se poderá modificar mediante acordo do Goberno coa comunidade autónoma, que será tramitado como proxecto de lei, sen que teña a consideración de modificación do estatuto.

Así, o Estatuto de autonomía para Galicia, aprobado pola Lei orgánica 1/1981, do 6 de abril, regula no número un da disposición adicional primeira os tributos que se ceden á Comunidade Autónoma de Galicia; ese número foi redactado segundo a Lei 18/2002, do 1 de xullo, do réxime de cesión de tributos do Estado á Comunidade Autónoma de Galicia e de fixación do alcance e condicións da dita cesión.

A lei que agora se promulga procede a aendar o contido da dita disposición ao novo réxime xeral de tributos cedidos que se recolle na Lei 22/2009, do 18 de decembro, pola que se regula o sistema de financiamento das comunidades autónomas de réxime común e cidades con estatuto de autonomía e se modifican determinadas normas tributarias, e

procede, así mesmo, a regular o réxime específico da dita cesión á Comunidade Autónoma de Galicia.

O artigo 1 modifica o contido do número un da disposición adicional primeira do Estatuto de autonomía para Galicia co obxecto de especificar que se ceden a esta comunidade autónoma o 50 por cento do imposto sobre a renda das persoas físicas; o imposto sobre o patrimonio; o imposto sobre sucesións e doazóns; o imposto sobre transmisións patrimoniais e actos xurídicos documentados; os tributos sobre o xogo; o 50 por cento do imposto sobre o valor engadido; o 58 por cento do imposto sobre a cervexa; o 58 por cento do imposto sobre o viño e bebidas fermentadas; o 58 por cento do imposto sobre produtos intermedios; o 58 por cento do imposto sobre alcohol e bebidas derivadas; o 58 por cento do imposto sobre hidrocarburos; o 58 por cento do imposto sobre os elaborados do tabaco; o imposto sobre a electricidade; o imposto especial sobre determinados medios de transporte (en diante IEDMT) e o imposto sobre as vendas retallistas de determinados hidrocarburos.

O artigo 2, en primeiro lugar, determina o alcance e as condicións da cesión a esta comunidade autónoma, por remisión ao réxime xeral establecido na Lei 22/2009, do 18 de decembro, pola que se regula o sistema de financiamento das comunidades autónomas de réxime común e cidades con estatuto de autonomía e se modifican determinadas normas tributarias.

En segundo lugar, este precepto establece a asunción, por parte da comunidade, da competencia para a resolución das reclamacións económico-administrativas nos termos establecidos no segundo parágrafo da letra c) do artigo 59.1 da Lei 22/2009, do 18 de decembro, pola que se regula o sistema de financiamento das comunidades autónomas de réxime común e cidades con estatuto de autonomía e se modifican determinadas normas tributarias.

Ademais, o precepto atribúe as competencias normativas en materia de tributos estatais cedidos, no marco do disposto na Lei 22/2009, do 18 de decembro, pola que se regula o sistema de financiamento das comunidades autónomas de réxime común e cidades con estatuto de autonomía e se modifican determinadas normas tributarias.

O mesmo que realizaba a antiga lei de cesión á comunidade, este texto inclúe no número 3 do artigo 2 determinadas competencias normativas e de inspección en materia de IVRDH e IEDMT.

A disposición transitoria primeira regula o réxime transitorio de cesión efectiva do IVRDH e do IEDMT en relación coa xestión destes impostos. Coa inclusión da disposición transitoria segunda regúlase tamén o réxime transitorio da competencia para a resolución das reclamacións económico-administrativas interpostas contra os actos ditados por órganos autonómicos en relación cos tributos cedidos. Por último, a disposición transitoria terceira clarifica o réxime aplicable aos tipos e escalas de gravame do IRPF para o ano 2010.

En canto ao réxime derogatorio e entrada en vigor, dispone a derogación da Lei 18/2002, do 1 de xullo, do réxime de cesión de tributos do Estado á Comunidade Autónoma de Galicia e de fixación do alcance e condicións da dita cesión, e dispone a entrada en vigor da nova lei o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado», ben que producirá efectos desde o 1 de xaneiro de 2009.

Por último, a Comisión Mixta de Transferencias Administración do Estado-Comunidade Autónoma de Galicia, en sesión plenaria do 21 de decembro de 2009, aprobou o Acordo de modificación do réxime dos tributos cedidos, así como o Acordo de aceptación do novo sistema de financiamento das comunidades autónomas de réxime común e cidades con estatuto de autonomía, fixación do valor inicial do Fondo de Suficiencia Global, modificación do réxime de cesión e fixación do alcance e condicións da cesión de tributos do Estado á Comunidade Autónoma de Galicia.

Artigo 1. *Cesión de tributos.*

Modifícase o número un da disposición adicional primeira da Lei orgánica 1/1981, do 6 de abril, de Estatuto de autonomía para Galicia, que queda redactado co seguinte teor:

«Un. Cédese á Comunidade Autónoma de Galicia o rendemento dos seguintes tributos:

- a) Imposto sobre a renda das persoas físicas, con carácter parcial, na porcentaxe do 50 por cento.
- b) Imposto sobre o patrimonio.
- c) Imposto sobre sucesións e doazóns.
- d) Imposto sobre transmisións patrimoniais e actos xurídicos documentados.
- e) Os tributos sobre o xogo.
- f) O imposto sobre o valor engadido, con carácter parcial, na porcentaxe do 50 por cento.
- g) O imposto especial sobre a cervexa, con carácter parcial, na porcentaxe do 58 por cento.
- h) O imposto especial sobre o viño e bebidas fermentadas, con carácter parcial, na porcentaxe do 58 por cento.
- i) O imposto especial sobre produtos intermedios, con carácter parcial, na porcentaxe do 58 por cento.
- j) O imposto especial sobre o alcohol e bebidas derivadas, con carácter parcial, na porcentaxe do 58 por cento.
- k) O imposto especial sobre hidrocarburos, con carácter parcial, na porcentaxe do 58 por cento.
- l) O imposto especial sobre os elaborados do tabaco, con carácter parcial, na porcentaxe do 58 por cento.
- m) O imposto especial sobre a electricidade.
- n) O imposto especial sobre determinados medios de transporte.
- ñ) O imposto sobre as vendas retallistas de determinados hidrocarburos.

A eventual supresión ou modificación polo Estado dalgún dos tributos antes sinalados implicará a extinción ou modificación da cesión.»

Artigo 2. Alcance e condicións da cesión. Atribución de facultades normativas.

1. O alcance e condicións da cesión de tributos á Comunidade Autónoma de Galicia son os establecidos na Lei 22/2009, do 18 de decembro, pola que se regula o sistema de financiamento das comunidades autónomas de réxime común e cidades con estatuto de autonomía e se modifican determinadas normas tributarias.

Non obstante o disposto no número anterior, a Comunidade Autónoma de Galicia, de acordo co establecido no seu estatuto de autonomía e no artigo 20, números 2 e 3, da Lei orgánica 8/1980, do 22 de setembro, de financiamento das comunidades autónomas, asume a competencia para a resolución das reclamacións económico-administrativas nos termos establecidos no segundo parágrafo da letra c) do artigo 59.1 da Lei 22/2009, do 18 de decembro, pola que se regula o sistema de financiamento das comunidades autónomas de réxime común e cidades con estatuto de autonomía e se modifican determinadas normas tributarias.

2. De acordo co disposto no artigo 150.1 da Constitución e conforme o previsto no artigo 19.2 da Lei orgánica 8/1980, do 22 de setembro, de financiamento das comunidades autónomas, atribúeselle á Comunidade Autónoma de Galicia a facultade de ditar para si mesma normas lexislativas, nos casos e condicións previstos na Lei 22/2009, do 18 de decembro, pola que se regula o sistema de financiamento das comunidades autónomas de réxime común e cidades con estatuto de autonomía e se modifican determinadas normas tributarias.

A Comunidade Autónoma de Galicia remitirá á Comisión Xeral das Comunidades Autónomas do Senado os proxectos de normas elaborados como consecuencia do establecido neste número, antes da súa aprobación.

3. Sen prexuízo das competencias normativas da comunidade autónoma no imposto sobre vendas retallistas de determinados hidrocarburos, para colaborar á necesaria homoxeneidade dos procedementos de xestión, liquidación, inspección e recadación, o Estado, de acordo coas comunidades autónomas, poderá establecer con carácter supletorio os aspectos esenciais que deben configurar estes procedementos.

Así mesmo, para facilitar a adecuada aplicación do imposto especial sobre determinados medios de transporte e o imposto sobre vendas retallistas de determinados hidrocarburos, a Administración tributaria do Estado, logo de acordo coas correspondentes comunidades autónomas, poderá realizar as actuacións de inspección en relación con suxeitos pasivos que realicen operacións no ámbito de máis dunha comunidade autónoma.

Disposición transitoria primeira. *Réxime transitorio da cesión efectiva do imposto especial sobre determinados medios de transporte e do imposto sobre as vendas retallistas de determinados hidrocarburos.*

As funcións inherentes á xestión do imposto especial sobre determinados medios de transporte e do imposto sobre as vendas retallistas de determinados hidrocarburos continuarán sendo exercidas pola Axencia Estatal de Administración Tributaria ata que non se procedese, por instancia da comunidade autónoma, ao traspaso dos servizos adscritos aos ditos tributos.

Disposición transitoria segunda. *Réxime transitorio da competencia para a resolución das reclamacións económico-administrativas, asumida pola comunidade.*

A asunción efectiva pola Comunidade Autónoma de Galicia da competencia para a resolución das reclamacións económico-administrativas, establecida no segundo parágrafo do número 1 do artigo 2 desta lei, producirase cos traspasos dos servizos e funcións adscritos á dita competencia, e será exercida polos órganos que a teñan encomendada na actualidade, mentres non se produza a dita asunción efectiva.

Disposición transitoria terceira. *Escalas e tipos de gravame do imposto sobre a renda das persoas físicas aplicables no período impositivo 2010.*

No período impositivo 2010 aplicaranse as escalas e tipos de gravame do imposto sobre a renda das persoas físicas, de conformidade co establecido nos artigos 63, 65, 74 e disposición transitoria décimo quinta da Lei 35/2006, do 28 de novembro, do imposto sobre a renda das persoas físicas e de modificación parcial das leis dos impostos sobre sociedades, sobre a renda de non-residentes e sobre o patrimonio, segundo a redacción proporcionada pola Lei 22/2009, do 18 de decembro, pola que se regula o sistema de financiamento das comunidades autónomas de réxime común e cidades con estatuto de autonomía e se modifican determinadas normas tributarias, e na disposición adicional vixésimo oitava da Lei 35/2006, do 28 de novembro, do imposto sobre a renda das persoas físicas e de modificación parcial das leis dos impostos sobre sociedades, sobre a renda de non-residentes e sobre o patrimonio.

Disposición derogatoria única. *Derrogación normativa.*

Desde o 1 de xaneiro de 2009 queda derogada a Lei 18/2002, do 1 de xullo, do réxime de cesión de tributos do Estado á Comunidade Autónoma de Galicia e de fixación do alcance e condicións da dita cesión.

Disposición derradeira única. *Entrada en vigor.*

Esta lei entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado», aínda que producirá efectos desde o 1 de xaneiro de 2009.

Por tanto,

Mando a todos os españoles, particulares e autoridades, que cumplan e fagan cumplir esta lei.

Madrid, 16 de xullo de 2010.

JUAN CARLOS R.

O presidente do Goberno,
JOSÉ LUIS RODRÍGUEZ ZAPATERO